



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA CIG DIANTE DAS ELECCIÓNS XERAIS AO PARLAMENTO ESPAÑOL DO 28 DE ABRIL

O vindeiro **domingo 28 de abril** están convocadas **eleccións xerais**, unhas eleccións de importancia para a clase traballadora galega, xa que do goberno e da correlación de forzas que delas saia, así como da representación que Galiza teña no Parlamento español, dependerá que poida darse un **cambio real e profundo** das políticas executadas con escusa da crise, que tan lesivas teñen sido para Galiza e para a maioría social.

Levamos anos **loitando para recuperar os dereitos** que foron roubados durante os anos da crise, exixindo a derogación das reformas laborais, das pensións e da negociación colectiva, e a eliminación de leis que se implantaron por parte dos Gobernos españois (do PP ou do PSOE), e que supuxeron un importante retroceso na calidade de vida, nos dereitos laborais e sociais e nas liberdades públicas para as galegas e galegos. Seguimos loitando cada día contra o medre da precariedade e a pobreza laboral, a perda de poder adquisitivo da clase traballadora, as novas formas de explotación que empobrecen e que afondan nas desigualdades, o desmantelamento do sector industrial galego con EREs, peches e deslocalización de empresas... loitamos porque sabemos que **a mobilización e o conflito son o camiño para avanzar e conseguir dereitos**.

Mais tamén con valentía e sen medo, neste momento temos unha oportunidade para mudar a realidade **exercendo o noso voto**, e facéndoo conscientes de que só con **forzas políticas propias autenticamente galegas, nacionalistas e de esquerdas**, de teoría e de acción, que defendan os nosos intereses como clase traballadora galega, sen complexos de ningún tipo e sen submisións a Madrid, poderemos asistir aos **cambios legislativos necesarios para podermos recuperar os dereitos e ter un futuro digno na nosa terra**. Porque só forzas políticas galegas que de verdade exerzan como tais poden ser determinantes diante do goberno español.

Nesta última lexislatura puidemos confirmar como **o PSOE nunca tivo intención de cambiar as políticas que o PP implantou durante a crise**. Malia que tivo a oportunidade de derogar as reformas laborais e das pensións, a lei mordaza ou outras lesivas leis, non o levou a cabo, mantendo vixente a lexislación que tan graves consecuencias trouxo para a

nosa clase e o noso pobo, e facendo unicamente dun xeito apresurado pequenos xestos que para nada palían a situación de emerxencia social que está a vivir Galiza.

Diante disto, tampouco **o goberno do PP na Xunta** ten exercido como tal. Moi pola contra, **abdicou das súas funcións como goberno galego**, e con Alberto Núñez Feixó á cabeza, agochándose tras un discurso aparentemente crítico co goberno do estado, tense convertido nunha delegación deste, actuando con pasividade ou mesmo aplaudindo as políticas neoliberais que veñen de Madrid. E ten sido, ao mesmo tempo, verdadeiro axente ao servizo das multinacionais e do gran capital, coa súa **política de privatización e recortes dos servizos públicos, espoliación dos nosos recursos e renuncia a defender os nosos sectores produtivos e as nosas potencialidades**, que como resultado ofrece unha importante perda de emprego e a dramática e constante emigración de miles de persoas mozas deste país cara outros territorios.

Este 28 de abril, temos que ir votar. De igual maneira que as traballadoras e traballadores da Galiza apostamos maioritariamente polo sindicalismo nacionalista e de clase, agora é o momento de tomar a iniciativa e actuar en coherencia coa loita que vimos levando a cabo día tras día, e facelo participando nestas eleccións. Porque temos que combater as políticas neoliberais e filofascistas, sexan implantadas polas forzas políticas da dereita ou por outras, xa que o avance da ultradereita contra o que agora se fai chamamento non deixa de ser consecuencia das políticas levadas a cabo durante estes anos e **só mediante o noso voto, seremos quen de levar a Madrid a nosa voz** a través de quen estivo e está ao noso lado, ao lado de Galiza, de quen vai defender os nosos dereitos como pobo e como clase.

Do mesmo xeito que **a forza da clase traballadora é imprescindible para a loita e a mobilización**, tamén agora a forza da clase traballadora ten que traducirse nunha **representación digna e coherente no Parlamento español**. As posibilidades de recuperar e avanzar en dereitos laborais e sociais, van depender de que creamos nas nosas propias capacidades colectivas como clase traballadora e como pobo galego, e se vexan traducidas co noso voto. **Fagamos chegar a nosa forza este 28 de abril**, a través de quen realmente defende Galiza, os nosos dereitos e os nosos intereses como nación e como clase.

Santiago de Compostela, abril de 2019

EXECUTIVA CONFEDERAL DA CIG